

27 abril de 2020



Bo comezo de semana a todos/as:

Acordádevos de practicar a **Lectura** todos os días botando man dos vosos libros favoritos. O hábito lector enriquece o vocabulario, afianza a ortografía, mellora a nosa capacidade de comprensión e de expresión... Así que procurade ler diariamente de 10 a 15 minutos. Primeiro silenciosamente, só coa vista. Despois en voz alta, escoitándoos ata que o fagades ben

Abaixo tedes o enlace para acceder ás actividades. Podedes empezar por onde queirades, distribuídeas como vos veña mellor, pero facendo algo cada día:

- **LENGUA** : traballamos a comprensión lectora, algo de ortografía e tamén imos completar unha historia. Recorda contestar ás preguntas con respostas elaboradas. Coida a letra e a ortografía. Se tes dúbidas sobre como se escribe unha palabra, consulta o dicionario.
- **LINGUA**: traballamos sobre unha historia: “ O duende e o bufo”.
- **MATEMÁTICAS**: imos facer un repaso pero tamén aprenderemos algo máis.
- **NATURAIS**: esta semana comezaremos a investigar sobre a fauna galega, a ver se entre todos/as somos quen de elaborar un pequeno FICHEIRO DE ANIMAIS. Terémolo na aula e poderemos consultalo no seu momento. **Elixo un animal vertebrado e outro invertebrado e ADIANTE!** Podes buscar en libros que teñas pola casa ou na [Galipedia](#)
- **PLÁSTICA**: “ O libro dos aplausos”

[Proposta de tarefas para esta semana](#)